



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Cedeira - Ordenanza fiscal núm. 2.6, reguladora da taxa pola participación en probas selectivas

Publicación provisional : 17-11-2009 BOP Nº 245 -- Publicación definitiva : 31-12-2009 BOP Nº 274

Redacción Aplicable desde 01-01-2010

Redacciones

- Artigo 1º. Fundamento e natureza
- Artigo 2º. Feito imponible
- Artigo 3º. Suxeito pasivo
- Artigo 4º. Exencions e bonificacións
- Artigo 5º. Cota tributaria
- Artigo 6º. Devengo
- Artigo 7º. Xestión
- DISPOSICION FINAL

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que apróbase o texto Refundido da lei das facendas locais, este Concello establece a seguinte taxa pola participación en probas selectivas de acceso o Concello de Cedeira, que se rexerá, no seu caso, pola presente Ordenanza e pola Ordenanza Xeral de Gestión, Recaudación e Inspección dos tributos e demais ingresos de dereito público, e demás normativa de aplicación.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenrolada con motivo da celebración de oposicións, concursos ou calesquera probas selectivas de acceso ó Concello de Cedeira ou, no seu caso, organismos autónomos ou sociedades mercantís propiedade do Concello, sexan en como funcionario de carreira ou persoal fixo ou ben para postos interinos ou bolsas de traballo, sen que estean incluídos os derivados da selección de programas de fomento de emprego e de similar natureza.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas que soliciten a participación nos procedimentos de selección de persoal a que fai referencia o artigo 2º da presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 4º. Exencions e bonificacións

Estarán exentas do pago da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33 por 100.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo o grupo ou categoría laboral da praza á que se pretenda acceder, en función da titulación esixida para a mesma, e dacordo cas tarefas seguinte:

CONCEPTO	Importe Euros
1. Probas de acceso o Grupo A1 ou categorías de persoal laboral asimilables.	30,00
2. Probas de acceso o Grupo A2, B ou categorías de persoal laboral asimilables.	20,00
3. Probas de acceso o Grupo C1 e C2 ou categorías de persoal laboral asimilables	15,00
4. Probas de acceso o Grupo E ou categorías de persoal laboral asimilables ou outros non tarefados expresamente	10,00

2. No caso de procesos de promoción interna ou convocatorias exclusivamente para bolsas de traballo, devengarase como cota tributaria o 50 por 100 das tarefas sinaladas no apartado 1.

Artigo 6º. Devengo

Devengase a taxa e nace a obriga do seu pagamento cando se inicie a actividade administrativa que constitúe o feito imponible. A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación de la oportuna solicitude de participación en probas selectivas convocadas por este Concello.

Artigo 7º. Xestión

1. A Taxa exixirase en réxime de autoliquidación. A estos efectos, as instancias solicitando a participación en probas selectivas de persoal deberán vir acompañadas do xustificante de ingreso nas entidades colaboradoras correspondentes do importe de la taxa correspondiente.
2. O importe da presente Taxa no poderá ser devolto máis que no caso de no seren admitido ás probas selectivas pola falta dalgún dos requisitos exixidos para tomar parte nas mesmas.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.